

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

---

## *DEPARTAMENTO LINGUA CASTELÁ E LITERATURA*

---

CURSO 2022-2023



## ÍNDICE

<b>1.INTRODUCCIÓN . CUESTIÓNS XERAIS .....</b>	<b>4</b>
<b>1.1. Membros do departamento e distribución de grupos e niveis .....</b>	<b>6</b>
<b>2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE LOMCE .....</b>	<b>6</b>
<b>3. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. OXECTIVOS ESPECÍFICOS EN SEGUNDO, E CUARTO DA ESO.....</b>	<b>9</b>
<b>3.1. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....</b>	<b>9</b>
<b>3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS EN SEGUNDO E CUARTO DA ESO.....</b>	<b>11</b>
<b>4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE:.....</b>	<b>17</b>
<b>4. SEGUNDO CURSO DE ESO.....</b>	<b>17</b>
<b>4.1. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable e competencias</b>	
Clave. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	17
<b>4.2.Temporalización. Organización e secuenciación dos estándares de aprendizaxe avaliables.....</b>	<b>24</b>
<b>4.3. Contidos mínimos.....</b>	<b>25</b>
<b>4.4. Estratexias para valoralas competencias clave.....</b>	<b>28</b>
<b>4.5. Concrecións etodolóxicas.....</b>	<b>28</b>
<b>4.6. Criterios de avaliación.....</b>	<b>29</b>
<b>4.7. Procedementos e instrumentos de avaliación.....</b>	<b>29</b>
<b>4.8. Criterios de cualificación.....</b>	<b>30</b>
<b>4.9. Elementos transversais.....</b>	<b>31</b>
<b>4. CUARTO CURSO DE ESO .....</b>	<b>31</b>
<b>4.1. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable e competencias .....</b>	<b>31</b>
Clave. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Procedementos e instrumentos de avaliación.	
<b>4.2 Temporalización. Organización e secuenciación dos estándares de aprendizaxe avaliables.....</b>	<b>46</b>
<b>4.3. Contidos mínimos .....</b>	<b>47</b>
<b>4.4. Estratexias para valoralas competencias clave.....</b>	<b>50</b>
<b>4.5. Concrecións metodolóxicas .....</b>	<b>51</b>
<b>4.6. Criterios de avaliación.....</b>	<b>51</b>
<b>4.7. Procedementos e instrumentos de avaliación.....</b>	<b>51</b>
<b>4.8. Criterios de cualificación .....</b>	<b>52</b>
<b>4.9. Elementos transversais .....</b>	<b>52</b>
<b>5. OBXECTIVOS DO BACHARELATO. OXECTIVOS ESPECÍFICOS EN SEGUNDO DE BACHARELATO .....</b>	<b>52</b>
<b>5.1. Obxectivos do bacharelato.....</b>	<b>55</b>
<b>5.2. Obxectivos específicos en segundo de bacharelato .....</b>	<b>56</b>

<b>6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE .....</b>	<b>57</b>
<b>6. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO .....</b>	<b>57</b>
<b>6.1. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable e competencias .....</b>	<b>57</b>
Clave. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Procedementos e instrumentos de avaliación.	
<b>6.2. Temporalización. Organización e secuenciación dos estándares de aprendizaxe avaliables.....</b>	<b>67</b>
<b>6.3.Estratexias para valoralas competencias clave .....</b>	<b>68</b>
<b>6.4.Concrecións metodolóxicas .....</b>	<b>69</b>
<b>6.5. Criterios de avaliación.....</b>	<b>69</b>
<b>6.6. Procedementos e instrumentos de avaliación.....</b>	<b>69</b>
<b>6.7. Criterios de cualificación .....</b>	<b>70</b>
<b>6.8. Contidos mínimos .....</b>	<b>71</b>
<b>6.9 Elementos transversais .....</b>	<b>73</b>
<b>7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES .....</b>	<b>74</b>
<b>7.1. Alumnos con materias pendentes .....</b>	<b>74</b>
<b>7.2. Plans de traballo para alumnos con materias pendentes .....</b>	<b>75</b>
<b>7.3. Contidos de cada parcial e curso.....</b>	<b>75</b>
<b>8. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA (están concretados en cada curso) .....</b>	<b>76</b>
<b>9 . MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....</b>	<b>76</b>
<b>10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS .....</b>	<b>78</b>
<b>11. ACTIVIDADES NO PROXECTO LECTOR .....</b>	<b>78</b>
<b>12.ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO .....</b>	<b>94</b>
<b>13. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS .....</b>	<b>94</b>
<b>14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	<b>94</b>
<b>15. PLAN DAS TIC .....</b>	<b>95</b>
<b>16. PLAN DE CONVIVENCIA .....</b>	<b>96</b>
<b>17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE .....</b>	<b>96</b>
<b>17.1. Indicadores de logro do proceso de ensino .....</b>	<b>97</b>
<b>17.2. Indicadores de logro da práctica docente .....</b>	<b>98</b>
<b>18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E MELLORA .....</b>	<b>98</b>
<b>19. INFORMACIÓN SOBRE A PROGRAMACIÓN Ó ALUMNADO .....</b>	<b>100</b>

## 1. INTRODUCCIÓN. CUESTIÓNS XERAIS

A presente programación didáctica, elabórase de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da *RESOLUCIÓN* do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, polo que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022.

Para a elaboración da Programación Didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura tívose en conta o disposto na lexislación educativa segundo os seguintes textos:

Resolución do 27 de junio de 2015 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se dictan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes na comunidade autónoma de Galicia.

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

Real Decreto 665/2015, de 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato, a Formación Profesional e as ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de Ensino Secundario.

*Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* así como das decisións recentes da comisión de coordinación pedagóxica para a concreción dos anteditos cambios normativos á realidade do noso centro.

Tamén se teñen en conta os criterios das decisións de carácter xeral adoptadas polo Departamento.

Este Departamento considera prioritaria a coordinación entre tódolos membros do mesmo no que se refire aos criterios de corrección de probas escritas. Tamén, co fin de mellorar as capacidades dos alumnos, débense **fomentar actividades de expresión escrita** (por medio da elaboración de distintos tipos de textos no primeiro ciclo e con comentarios de texto nos cursos superiores), así como actividades de memorización (incluíndo sempre preguntas teóricas nos exames).

Ademais, dado que a meirande parte dos nosos alumnos son galego-falantes, consideramos

necesario **fomentar o uso do castelán** na lingua oral durante a clase e o profesor poderá ter en conta este aspecto á hora de cualificar na avaliación ao alumno. Naqueles cursos nos que se vaia implantando a LOMCE, empregaremos o **debate dirixido** como actividade para traballar os textos expositivo-argumentativos e a lingua oral.

No caso de que se comprobe que un alumno copiou nun exame, seralle retirado o mesmo e a cualificación será cero, de acordo coas medidas propostas na Comisión de Coordinación Pedagóxica( incluso cando isto se demostre unha vez rematada a proba).

No caso dos **criterios de corrección ortográfica**, considerouse conveniente aplicar tanto na ESO coma en Bacharelato o desconto na cualificación de 0,10 puntos por faltas de ortografía e 0,05 por cada til incorrecto (ata un máximo de 2 puntos). As incorreccións ortográficas repetidas penalizan como únicas. Tamén se terá en conta a presentación(limpeza, sangría, marxe..), coherencia e expresión empregadas nas probas escritas podendo penalizarse ata un máximo de un punto.

Polo tanto, en tódolos cursos terase en conta á hora de corrixir os exames non só os contidos senón que a expresión nas repostas dos alumnos siga as normas de adecuación, cohesión e coherencia.

Para considerar superada a materia os alumnos deberán acadar unha **nota media de 5 entre as tres avaliacións**. No caso de non obter esa cualificación, realizaranse no mes de xuño probas destinadas a **recuperar unha avaliación ou ben un exame global da materia de todo o curso**.

Polo que atinxe a segundo de Bacharelato, os criterios de corrección, os modelos de exame e o tempo dispoñible para realizar as probas correspondentes intentarán axustarse ao establecido polo Grupo de Traballo da Área de Lingua Castelá que coordina las Probas de Acceso á Universidade.

Nos cursos da ESO, ademais das obras obrigatorias, haberá unha serie de **lecturas voluntarias** elixidas polos membros do departamento e das que se valorará o traballo feito polos alumnos (por exemplo, nos dous cursos da ESO subirase á nota da avaliación ata medio punto por cada obra).

Dado que no boletín as cualificacións deben ser números enteiros, o profesor poderá **redondear a nota** para arriba ao cuarto de punto (subir ata 0,25) en casos excepcionais e se o considera convinte. Nos demais casos, o redondeo será sempre cara abaixo.

No caso da avaliación de alumnos con **materias pendentes**, a superación da materia nun curso superior non supón o aprobado da materia pendente de anos anteriores debido a que os contidos de literatura varían bastante duns niveis a outros (agás no caso de pendentes de 1º ESO, que poderán superar a materia pendente no caso de aprobar lingua castelá de 2º curso de ESO).

Tendo en conta que no bloque de lingua hai contidos que se corresponden cos da materia de Lingua Galega, os departamentos poderán coordinarse para impartir estes evitando a repetición (estes acordos, de producírense, quedarán reflexados nas actas do departamento). Neste mesmo sentido,

consideramos importante a coordinación con outros departamentos didácticos cos que se compartan contidos para así fomentar a interdisciplinabilidade e o desenvolvemento das competencias clave.

### 1. 1 MEMBROS DO DEPARTAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE GRUPOS E NIVEIS

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura está constituído neste curso académico polos seguintes profesores:

María Jesús Canosa Trillo (profesora con destino definitivo e xefa do Departamento).

Lucía novo Barro (profesora con destino definitivo e vicedirectora)

Soraya María Varela Vilanova (profesora en expectativa de destino).

As materias que se imparten son:

- Lingua Castelá e Literatura (nos catro cursos da ESO)
- Agrupamentos de Lingua Castelá en 2º ESO B e desdobres en 3º ESO B e en 4º ESO B)
- Lingua Castelá e Literatura (nos dous cursos de Bacharelato)
- Literatura Universal en 1º Bacharelato

A distribución de cursos e grupos é a seguinte:

#### **Mª Jesús Canosa Trillo**

1º ESO A e B: Lingua Castelá e Literatura

2º Bacharelato A e B: Lingua castelá e Literatura

Desdobres 3º ESO B e 4º ESO B: Lingua Castelá e Literatura.

#### **Lucía Novo Barro**

1º Bacharelato A e B: Lingua Castelá e Literatura

1º Bacharelato: Literatura Universal

#### **Soraya María Varela Vilanova**

2º ESO A e B : Lingua Castelá e Literatura

3º ESO A e B: Lingua Castelá e Literatura

4º ESO A e B: Lingua Castelá e Literatura

#### **Lorena Suárez (profesora do Departamento de galego)**

Agrupamento 2º ESO B: Lingua Castelá e Literatura

## 2. LOMCE. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### 2.2.1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Esta materia contribúe decisivamente ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman esta competencia. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de estudo, aplícanse a aprendizaxe doutros coñecementos.

### 2.2.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Esta materia contribúe ao desenvolvemento desta competencia ao permitir enfrontarse a textos de tipoloxías variadas nos que podan figurar non só elementos lingüísticos senón tamén elementos icónicos, gráficos, fotográficos...É competencia desta materia desenvolver a capacidade do alumnado para a interpretación de textos discontinuos e a súa capacidade para explicalos.

#### 2.2.3. Competencia dixital (CD).

A materia contribúe ao tratamento da información e competencia dixital ao ter como una das súas metas proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante según as diferentes necesidades. O uso de internet convírtese, como non podería ser doutra maneira, nun instrumento privilexiado, aínda que non único para esa finalidade. Pero, ademáis, outros soportes electrónicos (DVD, CD-ROM...) e os procesadores de texto serán aliados na mellora da capacidade comunicativa do alumno, sobre todo porque animarano na mellora de dúas facetas nas que máis dificultades normalmente atopa, na de ler e na de escribir. Durante toda a etapa educativa o alumnado irá tomando contacto de forma paulatina coas novas tecnoloxías.

#### 2.2.4. Competencia en aprender a aprender (CAA).

A linguaxe, ademáis de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. Ó acceso ao saber é a construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónanse directamente con esta competencia básica. É fundamental que o alumno participe activa e progresivamente na construción do seu propio coñecemento, o que evidencia a relación da área de lingua castelá e literatura coa competencia de aprender a aprender.

#### 2.2.5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

O uso da lingua como instrumento de comunicación axudará a que o alumno adquira estas competencias, na medida en que lle permitan poner en práctica habilidades sociais como a tolerancia, o respecto, a convivencia..., fruto das relación con outras persoas que non necesariamente deben ter visións do mundo iguais ás súas. Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e aproximarse a outras realidades. As actividades de lingua castelá facilitanlle ao alumnado prepararse para participar de maneira constructiva nas actividades da comunidade, axudándolle a que teña unha visión crítica da realidade e adquira os coñecementos prácticos necesarios para o exercicio de valores democráticos e de dereitos civís.

#### 2.2.6. Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Aprender a usar a lingua é tamen aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión relacionados coas destrezas comunicativas, o que redonda na súa capacidade para reflexionar autónomamente. Deste modo facilítase a integración do alumno como membro pleno da sociedade asumindo os valores éticos e sociais que nela imperan. Por iso, adquirir habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade cunha

autonomía gradual.

### 2.2.7. Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).

Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, e utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal. Adquírese fundamentalmente, cando achegamos ó alumnado á produción literaria para que coñeza os grandes temas que a literatura ten tratado ó longo do tempo como exponentes das preocupacións que interesaron ó ser humano. A lectura, interpretación e avaliación das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia. No estudio do contexto no que foi elaborada unha obra literaria, poderá coñecer outras manifestacións artísticas e culturais, que darán sentido á creación literaria.

. A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

### 2.2.8. LOMCE. Currículo

Enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas.

O currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeis, e pola metodoloxía didáctica.

Para os efectos deste decreto, entenderase por:

a) Obxectivos: referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

b) Competencias: capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Contidos: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos



ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

d) Criterios de avaliación: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

e) Estándares de aprendizaxe avaliáveis: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

f) Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

O currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia será o que se recolle para as distintas materias nos anexos I, II e III do decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **3. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS EN , SEGUNDO, E CUARTO DA ESO.**

#### **3.1. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitarse a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitarse os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA EN , SEGUNDO, E CUARTO DA ESO**

#### **2º ESO**

1. Comprender los textos orales, interpretarlos y valorar su expresión en ámbitos diversos.
2. Comunicarse de forma oral en entornos diversos y valorar la importancia de la conversación.
3. Emitir mensajes orales claros, adecuados al contexto, coherentes y cohesionados, y utilizando el lenguaje oral y los aspectos prosódicos y no verbales del lenguaje.
4. Leer de forma comprensiva y con capacidad crítica textos diversos.
5. Extraer información de diversas fuentes de comunicación escrita, impresa o digital, utilizándola para aprender de forma activa.
6. Producir textos escritos de diferente tipología (descriptivos, narrativos, argumentativos, expositivos) coherentes y cohesionados, valorando la importancia de la escritura.
7. Realizar esquemas y mapas, y explicar por escrito el significado de los elementos visuales que pueden aparecer en los textos.
8. Conocer y utilizar las categorías gramaticales (sustantivo, adjetivo, determinantes, pronombre, verbo, adverbio, preposición y conjunción) y sus características para mejorar y enriquecer las producciones lingüísticas.
9. Identificar y describir la estructura de las palabras y reconocer sus mecanismos de formación, utilizando estos conocimientos para ampliar el vocabulario y mejorar la comprensión y la creación de textos.
10. Conocer, identificar y utilizar conceptos relacionados con el significado de las palabras: denotación y connotación, sinonimia y antonimia, tabú y eufemismo.
11. Manejar el diccionario para la resolución de dudas y para enriquecer el propio vocabulario.
12. Reconocer y utilizar las frases o sintagmas nominales, adjetivales, verbales, preposicionales y adverbiales dentro del marco de la oración simple.
13. Identificar la intención comunicativa del discurso, con la interpretación y el análisis de los elementos lingüísticos que lo componen.
14. Reconocer la riqueza cultural que supone la variedad lingüística de España.
15. Leer obras de la literatura española y universal como fuente de placer y enriquecimiento personal y adquirir un hábito lector.
16. Reflexionar sobre la conexión entre la literatura y el resto de las artes.
17. Comprender textos literarios de distintos géneros y épocas.
18. Escribir textos propios con intención literaria.

#### **4º ESO**

1. Comprender textos orales, interpretándolos y valorando su expresión dentro de ámbitos diversos.
2. Comunicarse oralmente en entornos diversos valorando la importancia de la conversación.
3. Comunicarse de forma clara, adecuando el discurso al contexto, con coherencia y cohesión utilizando el lenguaje oral y los aspectos prosódicos y no verbales del lenguaje.
4. Leer comprensivamente y con capacidad de crítica diversos textos.
5. Extraer información de diferentes fuentes de comunicación escrita, en papel o digital, y utilizarla para aprender de forma activa.
6. Producir textos con cohesión y coherencia, valorando la importancia de la escritura.
7. Utilizar las distintas categorías gramaticales y formas verbales con intención comunicativa y expresiva en distintos contextos lingüísticos.
8. Conocer la creación de palabras nuevas añadiendo sufijos y prefijos provenientes de otras lenguas
9. Distinguir el significado de las palabras dependiendo del contexto donde se utilizan.
10. Reconocer y analizar la estructura de las oraciones compuestas.
11. Utilizar los recursos lingüísticos disponibles para afrontar problemas de comprensión y expresión

oral y escrita.

12. Analizar la estructura de los distintos tipos de textos, interiorizarla y emplearla en las producciones propias.

13. Utilizar la lengua con intención comunicativa, interpretando el discurso y analizando los elementos lingüísticos que lo componen.

14. Leer obras de la literatura española y universal, manifestando gusto por la lectura y desarrollando el hábito lector.

15. Reflexionar sobre las relaciones entre la literatura y el resto de las artes.

16. Comprender textos literarios representativos de la literatura del siglo XVIII a nuestros días. 17. Escribir textos personales de intención literaria.

18. Usar la creatividad en la redacción de textos de carácter literario.

### **3.3 LOMCE. Lingua castelá e literatura**

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e

interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera

lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe; de aí que esta capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

Co bloque de "Comunicación oral: escoitar e falar" procúrase que os alumnos e as alumnas vaian adquirindo as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque de "Comunicación escrita: ler e escribir" persegue que o alumnado sexa capaz de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos. Comprender un texto implica activar unha serie de estratexias de lectura. Así mesmo, a escritura implica un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores de escritura e revisión destes antes de redactar o texto definitivo.

O bloque de "Coñecemento da lingua" responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque de "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos/das escolares lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias



próximas aos seus gustos persoais e á súa madureza cognitiva coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en español.

**4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE.**

**4. SEGUNDO CURSO DA ESO**

**4.1. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE E COMPETENCIAS CLAVE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar						
H M	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: ámbito persoal, educativo ou escolar, e social.	B1.1. Escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.	LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Probas orais Exercicios orais Nota de clase	CCL
\* Exposición da información tomada de varios medios de comunicación acerca dun tema de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e as opinións expresadas polos devanditos medios, respectando as normas que rexen a interacción oral.

\* Presentacións orais ben estruturadas sobre temas relacionados coa actividade académica ou a actualidade que admitan diferentes puntos de vista, utilizando o apoio de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

\* Comprensión de presentacións, exposicións ou conferencias realizadas no ámbito académico relacionadas con contidos de diferentes materias.

\* Colaboración en actividades de aprendizaxe individuais ou compartidas, especialmente nas propostas de planificación das actividades e na presentación de informes de seguimento e avaliación das tarefas.

\* Participación en actividades de aprendizaxe compartida para fomentar estratexias de cooperación e de respecto.

\* Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, as ideas e os sentimentos propios e para regular a propia conduta.

## Bloque 2. Ler e escribir.

Comprensión de textos escritos.

\* Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como disposicións legais e folletos.

\* Comprensión de textos dos medios de comunicación atendendo especialmente aos xéneros de opinión, como editoriais ou columnas.

\* Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, incluíndo fragmentos de ensaios.

\* Utilización das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación de forma autónoma para a localización, selección e organización de información.

\* Reflexión crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación para fomentar una sensibilidade crítica fronte a elas.

Composición de textos escritos.

\* Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais como foros, solicitudes e instancias, reclamacións...

\* Composición de textos propios dos medios de comunicación como cartas ao director e artigos de opinión (editoriais e columnas), destinados a un soporte escrito ou dixital.

\* Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente textos expositivos, explicativos e argumentativos elaborados a partir da información obtida en diversas fontes e organizada mediante esquemas, mapas conceptuais e resumos, así como a elaboración de proxectos e informes sobre tarefas e aprendizaxes.



\* Utilización da composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e os coñecementos propios, e com forma de regular a conduta.

\* Dominio das normas de presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.

### Bloque 3. Educación literaria.

\* Lectura de novelas e de relatos desde o século XVIII ata a actualidade.

\* Recitado de poemas contemporáneos, con especial atención ás achegas do simbolismo e das vangardas á linguaxe poética, valorando a función dos elementos simbólicos e dos recursos retóricos e métricos no poema.

\* Lectura de relatos contemporáneos de diverso tipo que ofrezan distintas estruturas e voces narrativas.

\* Lectura dramatizada de breves pezas teatrais contemporáneas, ou de fragmentos, de carácter diverso constatando algunhas innovacións nos temas e nas formas.

\* Coñecemento das características xerais dos grandes períodos da historia da literatura desde o século XVIII ata a actualidade.

\* Achegamento a algúns autores e autoras relevantes das literaturas hispánicas e europea desde o século XVIII ata a actualidade.

\* Composición de textos de intención literaria e elaboración de traballos sobre as lecturas dirixidas.

\* Utilización con certa autonomía da biblioteca do centro, das do contorno e de bibliotecas virtuais.

\* Desenvolvemento da autonomía lectora e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

### Bloque 4. Coñecemento da lingua.

\* Coñecemento dos diferentes rexistros e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos sociais e valoración da importancia de usar o rexistro adecuado segundo as circunstancias da situación comunicativa.

\* Coñecemento da diversidade lingüística de España (linguas e dialectos), análise dos factores que inciden na relación das linguas da nosa comunidade, e reflexión sobre a situación actual do español no mundo.

\* Recoñecemento e utilización dalgunhas formas de expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo e argumentativo e identificación e uso das variacións que adoptan as formas deícticas en relación coas situacións de comunicación.

\* Identificación e uso reflexivo de distintos procedementos de conexión nos textos, con especial atención a conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, e dos mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna, favorecendo a autonomía na revisión dos propios textos.

\* Recoñecemento e uso coherente da correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado (paso de estilo directo a indirecto).

\* Recoñecemento dos esquemas semántico e sintáctico da oración, construción e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria nas actividades: enunciado, frase e oración; suxeito e predicado; predicado nominal e predicado verbal; suxeito, verbo e complementos; axente, causa e paciente; oración impersoal; oración activa e oración pasiva; oración transitiva e intransitiva; complemento directo, indirecto, de réxime, circunstancial, axente e atributo; oracións subordinadas substantivas, adxectivas e adverbais.

\* Uso de procedementos para compoñer os enunciados cun estilo cohesionado e emprego dos seguintes termos: aposición; adxectivo e oración de relativo explicativos; construción de participio e de xerundio; oración coordinada (copulativa, disxuntiva, adversativa e consecutiva); subordinada causal, consecutiva, condicional e concesiva.

\* Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras, así como coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para o cambio de categoría.

\* Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios da lingua (gramaticais, semánticas, rexistro e normativa).

\* Uso con certa autonomía de dicionarios e correctores ortográficos dos procesadores de textos.

\* Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas, empregando os termos apropiados na explicación sobre o uso (sílabas tónicas, til diacrítico, etc.) e apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse á norma lingüística.

#### 4.4. ESTRATEXIAS PARA VALORALAS COMPETENCIAS CLAVE

Para realizar o proceso de avaliación dos estándares , estes mediranse con diferentes medios metodolóxicos expostos a continuación:

- Competencia en comunicación lingüística: observación das actividades da clase e da casa, probas e traballos escritos, traballo en equipo, exposicións orais, exercicios de comprensión e creación de textos e observacións na clase.
- Competencia dixital: tarefas realizadas en soporte multimedia e actividades sobre busca de información en internet.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: realización de esquemas e mapas e actividades de comprensión de textos con elementos variados.
- Competencias sociais e cívicas: traballo en equipo, probas escritas e observación de actitudes e comportamento na aula.
- Aprender a aprender: participación activa na clase, realización de tarefas, probas de lectura e seguimento das actividades da clase e da casa.
- Conciencia e expresións culturais: lectura de obras literarias ( unha por cada avaliación), lectura de textos literarios e exercicios de creación de

- textos literarios.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: tarefas e traballos realizados.

#### **4.5 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS**

Partiremos dunha introducción teórica apoiada no libro de texto. Del colleremos modelos ou exemplos que sirvan de exercicio na aula.

A metodoloxía empregada será activa esixindo do alumno traballo tanto persoal como en grupo tanto dentro como fora da aula.

A explicación da materia verase acompañada de resumos, esquemas , fichas que faciliten a comprensión da materia por parte dos alumnos do mesmo modo que se fomentará a realización destes por parte dos propios alumnos xa que se considera que estas técnicas de traballo serviranlles para unha mellor comprensión e un apoio á hora de superala materia.

A teoría explicada irá seguida de actividades que faciliten a súa asimilación. Os alumnos deberán, despois, ser capaces de realizar, por si solos ou en grupo, os exercicios propostos polo profesor, quen posteriormente realizará á corrección dos mesmos.

Ademais, avaliarase, sobre todo nos casos dos alumnos que se atopen entre dúas notas posibles o caderno de clase na que se terá en conta a presentación (as marxes, caligrafía...), que estean os exercicios diarios coas correccións feitas, e a ortografía.

Debido a que no bloque de lingua hai contidos que se corresponden cos da materia de Lingua Galega ós departamentos poderán coordinarse e repartirse estes contidos para evitar a repetición.

#### **4.6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os criterios de avaliación son os que aparecen expostos no cadro do apartado 4 (de 4º ESO) da presente programación.

#### **4.7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

A avaliación entendese como un elemento máis do proceso educativo xa que permite orientar e dirixir de forma permanente a aprendizaxe. Neste sentido, a avaliación contribúe en si mesma a mellorar o rendemento dos alumnos. Para que isto sexa posible, é necesario que a avaliación na parte de lingua sexa continua (especialmente se entra materia de avaliacións anteriores) e que estea atenta á evolución do desenvolvemento do alumno. Na parte de literatura consideramos que debido a que se van desenvolvendo

contidos moi diferentes a avaliación non pode ser continua senón que se realizará como avaliacións independentes.

Teranse en conta os coñecementos previos; para elo realizaranse unhas probas iniciais sobre contidos mínimos do curso anterior, ben a través dun exame, ben mediante probas individuais (dictados, acentuación, morfoloxía, semántica). Todo isto levarase a cabo durante os primeiros días do curso para poder tomar las medidas oportunas.

Realizaranse tres avaliacións, unha por trimestre. En cada unha farase polo menos un exame teórico-práctico da materia e lerán en cada avaliación un libro de lectura obrigatorio.

As lecturas obrigatorias puntuarán ata un punto. Suporán, polo tanto, un 10% da nota.

#### **4.8. Criterios de cualificación.**

A cualificación do alumno ó final de cada trimestre será o resultado da cualificación dos contidos conceptuais e procedimentais; igualmente o alumno presentará o seu caderno de clase ó profesor sempre que este o considere oportuno. Prestaremos tamén atención ós contidos actitudinais: interese, coidado do material, colaboración e integración no grupo. Así, as probas escritas poderán constituír un setenta por cento da nota.

As lecturas obrigatorias puntuarán ata 1,5 puntos. Suporán, polo tanto, un 15% da nota.

Tanto nos exames como nas actividades diarias se terá en conta o respecto pola ortografía. Así, nos exames descontaranse 0,1 por cada falta de ortografía e 0,05 por cada til incorrecto, ata un máximo de dous puntos. Ademais, terase en conta á hora de corrixir os exames non só os contidos senón tamén a presentación e que a expresión nas repostas dos alumnos siga as normas de adecuación, cohesión e coherencia podendo penalizarse ata un máximo de 1 punto.

A materia considerárase superada por aqueles alumnos que acaden polo menos unha nota media de cinco. Na primeira semana do mes de xuño realizarase unha proba para que os alumnos poidan recuperar a 3ª avaliación. A partir do 8 de xuño terán lugar as probas para recuperar a primeira e a segunda avaliación, ou ben un exame final de toda a materia. Aquellos alumnos coa materia superada poderán incrementar a súa nota ata 0,5 puntos se realizan satisfactoriamente as actividades de ampliación propostas.

**A cualificación global da avaliación será o resultado de ponderar os seguintes apartados:**

- . Exames ou probas escritas. No caso de realizar dúas probas, a media de ambos suporá un 75% da nota final da avaliación.**
- . Traballos e proxectos: 10%**
- . Libro de lectura. As lecturas obrigatorias puntuarán ata 1,5 puntos. Suporán, polo tanto, un 15% da nota.**

**Avaliase mediante un traballo ou un control de lectura.**

**. Penalizacións por faltas de ortografía e presentación** ( xa indicadas con anterioridade).

**. As lecturas voluntarias( unha ou dúas por avaliación ) poden sumar ata 0,5 puntos á cualificación final da avaliación sexa esta aprobada ou suspensa, obtida despois de facer as ponderacións anteriores. Só poderán presentarse a esta proba aqueles alumnos que demostren ter lido a lectura obrigatoria.**

**. Para a avaliación extraordinaria de só se terá en conta o exame realizado e non se incluírá ningunha obra de lectura obrigatoria.**

#### **4.9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**

Neste curso nalgunhas das lecturas tratáranse temas que se corresponden coa educación para a paz. Tamén co estudio do xénero introducíranse cuestións sobre Educación para a igualdade de oportunidades e non discriminación por sexo, raza ou pensamento. Introducírase tamén algunha cuestión que teña que ver tanto coa Educación viaria como coa Educación ambiental. Tamén na produción de tipos de discursos tratarase de que os alumnos non utilicen expresións de tipo sexista, racista ou de calquera outro tipo de discriminación.

#### **5. BACHARELATO. OBXECTIVOS DO BACHARELATO. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS EN SEGUNDO DE BACHARELATO.**

Xa dende o curso 08-09 en 1º de Bacharelato e dende o curso 2009-10 en 2º de Bacharelato, comezou a ter vixencia o establecido no D.O.G. do Luns 23 de xuño de 2008.

A formación lingüística e literaria no bacharelato, por unha parte, é continuación da que se adquiriu na educación secundaria obrigatoria e, por outra, ten as finalidades específicas propias desta etapa en que adquire unha especial importancia o inicio dunha formación científica e na cal alumnos e alumnas deben alcanzar unha madurez intelectual e humana e uns coñecementos e habilidades que lles permitan incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia e adquirir as capacidades precisas para acceder á educación superior.

Así pois, un dos obxectivos desta materia é ante todo o desenvolvemento dos coñecementos necesarios para intervir de forma axeitada e satisfactoria na interacción verbal nos diferentes ámbitos sociais. Estes saberes refírense aos principios e normas sociais que presiden os intercambios, ás formas convencionais que presentan os diferentes xéneros textuais na nosa cultura, aos procedementos que articulan as partes do texto nun conxunto cohesionado, ás regras léxico-sintácticas que permiten a construción de enunciados con sentido e gramaticalmente aceptables ou ás normas ortográficas.

No bacharelato débese atender ao desenvolvemento da capacidade comunicativa en todo tipo de discursos, pero débese conceder unha especial atención aos discursos científicos e técnicos e aos culturais e literarios. Por iso, os ámbitos do discurso en que se debe traballar de forma preferente son o académico,o

dos medios de comunicación e o literario. No ámbito académico, sitúanse os textos con que se adquiren coñecementos, tanto no campo científico e técnico como no humanístico, e os que deben producir as propias alumnas e alumnos nos seus traballos escolares, o que supón familiarizarse co uso da expresión nuns contextos formais, que ademais esixen rigor e precisión.

Os medios de comunicación proporcionan os textos que contribúen ao coñecemento e á valoración das realidades do mundo contemporáneo e a unha formación cultural de carácter xeral. Poñer o alumnado en contacto con este tipo de discurso contribuirá ao desenvolvemento de actitudes críticas e a que na vida adulta poida estar en contacto de maneira autónoma cunha importante fonte de coñecemento sobre o mundo que o rodea.

O discurso literario contribúe de maneira moi especial á ampliación da competencia comunicativa, pois ofrece unha gran variedade de contextos, contidos, xéneros e rexistros; pero, ademais, as obras literarias son parte esencial da memoria universal da humanidade, o arquivo das súas emocións, ideas, fantasías, polo que desempeñan un papel moi importante na maduración intelectual e humana da xente nova, ao permitirlle ver obxectivadas experiencias individuais e colectivas nun momento en que son evidentes as súas necesidades de socialización e apertura á realidade.

A aprendizaxe centrarase no desenvolvemento de habilidades e destrezas discursivas; é dicir, o traballo sobre procedementos debe articular todo o proceso de ensino e aprendizaxe. A reflexión sobre os ámbitos de uso permitirá consolidar as aprendizaxes realizadas nas etapas anteriores. Por outra parte, as actividades de comprensión e de expresión, tanto oral como escrita, e a reflexión sobre elas deben alcanzar un certo nivel de rigor e profundidade, co fin de acadar unha autonomía no control da propia expresión e na interpretación crítica dos discursos que se reciben.

O currículo desta materia organízase en catro bloques de contidos: un primeiro bloque de contidos comúns que estarán presentes en ambos os dous cursos. A variedade dos discursos e o tratamento da información, O discurso literario e Coñecemento da lingua, que expoñen, dun modo analítico, os compoñentes da educación lingüística e literaria. Esta organización dos contidos non ten como finalidade establecer a orde e a organización das actividades de aprendizaxe na aula. Pero a necesidade de expoñer os contidos de modo diferenciado non debe ocultar a interconexión que existe entre eles: resulta evidente que os contidos formulados no Coñecemento da lingua están directamente relacionados cos dos contidos anteriores e especialmente coas actividades de comprensión, expresión, análise e comentario de textos, o que convén ter en conta ao distribuílos, ao elaborar as programacións e, sobre todo, ao levar á aula as secuencias de actividades.

A variedade dos discursos e o tratamento da información recolle os contidos relativos ás habilidades lingüísticas de comprender e expresarse nos diferentes ámbitos do discurso, de forma especial nos ámbitos

académico e periodístico, así como a análise dos xéneros textuais máis representativos de cada ámbito e ao recoñecemento das súas características. Tamén se presta unha atención especial aos procedementos de tratamento da información.

O discurso literario aborda o achegamento ás obras ou fragmentos de autoras e autores que representan as diferentes épocas -especialmente no caso da literatura do século XX- e perséguese que se dedique un tempo á lectura e á análise e comentario de textos. Na distribución dos contidos literarios, parece aconsellable realizar en primeiro lugar un percorrido pola literatura, seguindo unha orde cronolóxica, desde as primeiras manifestación literarias ata a actualidade, e incidindo dunha maneira especial na literatura contemporánea.

Coñecemento da lingua abrangue os contidos relacionados coa reflexión sobre a lingua. A adquisición das habilidades lingüísticas e comunicativas esixe que o uso vaia acompañado da reflexión sobre diferentes aspectos da lingua: a variación lingüística e os factores que a explican, a adecuación dos rexistros e usos sociais, as esixencias dos discursos científicos no emprego de terminoloxías, as formas lingüísticas que indican a presenza dos factores do contexto, os procedementos que contribúen a cohesionar o texto, etc.

En definitiva, do que se trata no bacharelato é de afondar nos contidos da etapa anterior e, na medida do posible, acadar un certo grao de elaboración e sistematización persoal dos coñecementos lingüísticos para resolver os problemas que xorden na comprensión dos textos alleos e na composición dos propios, do fin de proporcionar unha sólida formación ás alumnas e aos alumnos.

Será recomendable a coordinación e establecemento de liñas de actuación comúns, metodolóxicas e terminolóxicas, coas demais linguas do currículo, respectando sempre a individualidade das mesmas.

### **5.1. OBXECTIVOS DO BACHARELATO (LOMCE)**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz

aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **5.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS EN SEGUNDO DE BACHARELATO.**

### **2º Bacharelato**

1. Comprender discursos orales y escritos de los diferentes contextos de la vida social y cultural y especialmente en los ámbitos académico y de los medios de comunicación.

2. Expresarse oralmente y por escrito mediante discursos coherentes, correctos y adecuados a las diversas situaciones de comunicación y a las diferentes finalidades comunicativas, especialmente en el ámbito académico.

3. Emplear y valorar la lengua oral y la lengua escrita como medios eficaces para la comunicación interpersonal, la adquisición de nuevos conocimientos, la comprensión y análisis de la realidad y la organización racional de la acción.

4. Obtener, interpretar y valorar informaciones de diversos tipos y opiniones diferentes, empleando con autonomía y espíritu crítico las tecnologías de la información y comunicación.



5. Adquirir conocimientos gramaticales, sociolingüísticos y discursivos para emplearlos en la comprensión, el análisis y el comentario de textos y en la planificación, la composición y la corrección de las propias producciones.

6. Conocer la realidad plurilingüe y pluricultural de España, así como el origen y desarrollo histórico de las lenguas peninsulares y de sus principales variedades, prestando una especial atención al español de América y favoreciendo una valoración positiva de la diversidad lingüística y cultural.

7. Analizar los diferentes usos sociales de las lenguas y los estereotipos lingüísticos que suponen juicios de valor y prejuicios, en especial los referidos a las mujeres, para evitarlos.

8. Leer y valorar críticamente obras y fragmentos representativos de la literatura en lengua castellana, como expresión de diferentes contextos históricos y sociales y como forma de enriquecimiento personal.

9. Conocer las características generales de los periodos de la literatura en lengua castellana, así como las obras relevantes de autoras y autores, empleando de forma crítica fuentes bibliográficas adecuadas para su estudio.

**6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE**

**6. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO**

**6.1. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE E COMPETENCIAS CLAVE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar						
H	B1.1. Comunicación oral non espontánea nos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial. A súa caracterización.	B1.1. Escoitar de forma activa e analizar textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, identificando os trazos propios do seu xénero, relacionando os aspectos formais do texto coa intención comunicativa do emisor e co resto dos factores da situación comunicativa.	LCL2B1.1.1. Recoñece as formas de organización do contido nunha argumentación oral, analizando os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor e valorándoos en función dos elementos da situación comunicativa.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito	CCL
			LCL2B1.1.2. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes en textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os aspectos formais e expresivos coa intención do emisor, o xénero textual e o resto dos elementos da situación	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa	CCL

Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			comunicativa.			
D e g	B1.1. Comunicación oral non espontánea nos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial. A súa caracterización.	B1.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos orais do ámbito educativo (conferencias e mesas redondas), diferenciando a información relevante e accesoria, e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos.	LCL2B1.2.1. Sintetiza por escrito o contido de textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, discriminando a información relevante.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito	CAA
D e g	B1.2. Comprensión e produción de textos orais procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos e de opinión. Publicidade.	B1.3. Extraer información de textos orais xornalísticos e publicitarios procedentes dos medios de comunicación social, recoñecendo a intención comunicativa, o tema, a estrutura e o contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	LCL2B1.3.1. Interpreta diversos anuncios sonoros e audiovisuais, identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir o receptor, valorando criticamente a súa forma e o seu contido, e rexeitando as ideas discriminatorias.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito	CSC
A b c d e g h m	B1.3. Presentación oral: planificación, documentación, avaliación e mellora.	B1.4. Realizar unha presentación educativa oral sobre un tema controvertido, contrapondo puntos de vista enfrontados, defendendo unha opinión persoal con argumentos convincentes e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, avaliación e mellora.	LCL2B1.4.1. Planifica, realiza e avalía presentacións educativas orais de forma individual ou en grupo sobre un tema polémico de carácter educativo ou da actualidade social, científica ou cultural, analizando posturas enfrontadas e defendendo unha opinión propia mediante argumentos convincentes.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa	CCL CSC
			LCL2B1.4.2. Compila información e apoios audiovisuais ou gráficos, consultando fontes de información diversa e utilizando correctamente os procedementos de cita.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa	CD
			LCL2B1.4.3. Clasifica e estrutura a información obtida, elaborando un guión da presentación.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa	CMCCT
			LCL2B1.4.4. Exprésase oralmente con claridade,	Unha porcentaxe	Traballo aula oral	CCL

Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			<p>precisión e corrección, axustando a súa actuación verbal e non verbal ás condicións da situación comunicativa, e utilizando os recursos expresivos propios do rexistro formal.</p>	de erros non superior ao 50%	escrito	
			LCL2B1.4.5. Avalía as súas presentacións orais e as dos/das seus/súas compañeiros/as, detectando as dificultades estruturais e expresivas, e deseñando estratexias para mellorar as súas prácticas orais e progresar na aprendizaxe autónoma.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito	CAA
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir						
H L	<p>B2.1. Comunicación escrita nos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial: elementos; xéneros textuais.</p> <p>B2.2. Análise e comentario de textos escritos do ámbito educativo.</p>	B2.1. Comprender e producir textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención do emisor, resumindo o seu contido, diferenciando a idea principal e explicando o modo de organización.	LCL2B2.1.1. Comprende o sentido global de textos escritos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención comunicativa do emisor e a súa idea principal.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCL
			LCL2B2.1.2. Sintetiza textos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, diferenciando as ideas principais e as secundarias.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CAA
			LCL2B2.1.3. Analiza a estrutura de textos expositivos e argumentativos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os tipos de conectores e organizadores da información textual.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCL
			LCL2B2.1.4. Produce textos expositivos e argumentativos propios usando o rexistro adecuado á intención comunicativa, organizando	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCL

Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			os enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas ortográficas e gramaticais, e revisa a súa produción escrita para melloralas.			
B h l	B2.3. Planificación, realización, revisión e mellora de textos escritos de diferentes ámbitos sociais e educativos.	B2.2. Escribir textos expositivos e argumentativos propios do ámbito educativo con rigor, claridade e corrección, empregando argumentos adecuados e convincentes, e axustando a súa expresión á intención comunicativa e ao resto das condicións da situación comunicativa.	LCL2B2.2.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, aplicando os coñecementos gramaticais e pragmáticos, para mellorar a expresión escrita.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa Exames	CCL
			LCL2B2.2.2. Nas súas producións escritas axusta a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, xénero textual, etc), empregando os recursos expresivos propios do rexistro formal e evitando o uso de coloquialismos.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa Exames	CCL
			LCL2B2.2.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, recorrendo a obras de consulta tanto impresas como dixitais para a súa corrección, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito	CAA
B e h	B2.3. Planificación, realización, revisión e mellora de textos escritos de diferentes ámbitos sociais e educativos.	B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, planificando a súa realización, contrastando opinións enfrontadas, defendendo unha opinión persoal e utilizando as tecnoloxías da información	LCL2B2.3.1. Realiza traballos educativos individuais e en grupo sobre un tema controvertido do currículo ou da actualidade social, cultural ou científica, planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, contrastando posturas enfrontadas, e	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa	CSIEE

Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
		e da comunicación para a súa realización, avaliación e mellora.	organizando e defendendo unha opinión propia mediante distintos tipos de argumentos.			
			LCL2B2.3.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa	CD
			LCL2B2.3.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos: organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía...	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa	CCL
B e g h	B2.1. Comunicación escrita nos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial: elementos; xéneros textuais. B2.2. Análise e comentario de textos escritos do ámbito educativo.	B2.4. Analizar textos escritos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os seus trazos formais característicos e relacionando as súas características expresivas coa intención comunicativa e co resto dos elementos da situación comunicativa.	LCL2B2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais presentes nun texto expositivo ou argumentativo procedente dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, utilizando a terminoloxía gramatical adecuada e pondo de manifesto a súa relación coa intención comunicativa do emisor e cos trazos propios do xénero textual.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa	CCL
			LCL2B2.4.2. Recoñece, describe e utiliza os recursos gramaticais (substitución pronominal, uso reiterado de determinadas estruturas sintácticas, correlación temporal, etc.) e léxico-semánticos (substitución por sinónimos, hipónimos e hiperónimos, reiteracións léxicas, etc.) que proporcionan cohesión aos textos escritos.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa Exames	CCL
			LCL2B2.4.3. Recoñece e	Unha	Traballo aula	CCL

Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			explica os procedementos de cita (estilo directo, indirecto ou indirecto libre, e cita encuberta) presentes en textos expositivos e argumentativos, así como a súa función no texto.	percentaxe de erros non superior ao 50%	oral ou escrito Traballo casa Exames	
Bloque 3. Coñecemento da lingua						
D E	B3.1. Análise e explicación do léxico castelán e dos procedementos de formación.	B3.1. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras en español, aplicando os coñecementos adquiridos para a mellora, a comprensión e o enriquecemento do vocabulario activo.	LCL2B3.1.1. Explica os procedementos de formación das palabras diferenciando entre raíz e afixos, e explicando o seu significado.	Unha percentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCL
			LCL2B3.1.2. Recoñece e explica a procedencia grecolatina de grande parte do léxico español e valora o seu coñecemento para a dedución do significado de palabras descoñecidas.	Unha percentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CAA
E	B3.2. Substantivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica. B3.3. Adxectivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica. B3.4. Verbo: flexión verbal; perífrase verbal. B3.5. Pronome: tipoloxía e valores gramaticais. B3.6. Determinantes: tipoloxía e usos. B3.7. Recoñecemento das diferenzas entre pronomes e determinantes: relacións gramaticais. B3.8. Adverbio: tipoloxía e valores gramaticais. B3.9. Preposicións, conxuncións e interxeccións: tipoloxía e valores gramaticais.	B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais, e explicar os seus usos e valores nos textos.	LCL2B3.2.1. Identifica e explica os usos e os valores das categorías gramaticais, en relación coa intención comunicativa do emisor, coa tipoloxía textual seleccionada e con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	Unha percentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCL
			LCL2B3.2.2. Selecciona o léxico e a terminoloxía adecuados en contextos comunicativos que esixen un uso formal e especializado da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé.	Unha percentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CSC
D E	B3.10. Observación, reflexión e explicación do significado das palabras. Denotación e connotación.	B3.3. Identificar e explicar os niveis de significado das palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito en que	LCL2B3.3.1. Explica con propiedade o significado de palabras ou expresións, diferenciando o seu uso denotativo e connotativo, e relacionándoo coa	Unha percentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCL

Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
		aparecen.	intención comunicativa do emisor.			
			LCL2B3.3.2. Recoñece, analiza e interpreta as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) como procedemento de cohesión textual.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCL
D E	B3.11. Observación, reflexión e explicación das estruturas sintácticas simples e complexas. Conexións lóxicas e semánticas nos textos.	B3.4. Observar, reflexionar e explicar as estruturas sintácticas dun texto, sinalando as conexións lóxicas e semánticas que se establecen entre elas.	LCL2B3.4.1. Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCL
D E	B3.11. Observación, reflexión e explicación das estruturas sintácticas simples e complexas. Conexións lóxicas e semánticas nos textos. B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos procedentes de diferentes ámbitos. Intertextualidade.	B3.5. Aplicar os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, a autoavaliación e a mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes. LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCL CSIEE
D e m	B3.13. Identificación e uso dos recursos expresivos que marcan a obxectividade e a subxectividade. B3.14. Observación, reflexión e explicación da deixé temporal, espacial e persoal.	B3.6. Aplicar os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e	LCL2B3.6.1. Recoñece, analiza e explica as características lingüísticas e os recursos expresivos de textos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa, e utilizando a análise para afondar na comprensión do texto.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCL

Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
		persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.	LCL2B3.6.2. Aplica os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa Exames	CSIEE
			LCL2B3.6.3. Recoñece e explica os procedementos de inclusión do emisor e do receptor no texto.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa Exames	CCL
			LCL2B3.6.4. Recoñece e explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa Exames	CCL
			LCL2B3.6.5. Recoñece, explica e utiliza os procedementos de cita.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa	CCL
			LCL2B3.6.6. Revisa textos escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando as súas incorreccións (concordancias, réxime verbal, ambigüidades sintácticas, coloquialismos, etc.), con criterios gramaticais e terminoloxía apropiada, co obxecto de mellorar a expresión escrita e avanzar na aprendizaxe autónoma.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula ou escrito Traballo casa Exames	CAA
E	B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos	B3.7. Explicar a forma de organización interna dos textos expositivos e argumentativos.	LCL2B3.7.1. Recoñece, explica e utiliza en textos propios e alleos as formas de estruturar os textos	Unha porcentaxe de erros non superior ao	Traballo aula ou escrito Traballo casa	CCL



Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
	<p>procedentes de diferentes ámbitos. Intertextualidade.</p> <p>B3.13. Identificación e uso dos recursos expresivos que marcan a obxectividade e a subxectividade.</p> <p>B3.14. Observación, reflexión e explicación da deixe temporal, espacial e persoal.</p>		<p>expositivos e argumentativos.</p>	50%	Exames	
B d e	B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos procedentes de diferentes ámbitos. Intertextualidade.	B3.8. Reflexionar sobre a relación entre os procesos de produción e recepción dun texto, recoñecendo a importancia que para a súa comprensión teñen os coñecementos previos que se posúen a partir de lecturas anteriores que se relacionan con el.	LCL2B3.8.1. Expresa as súas experiencias de lectura de obras de diferente tipo, xénero, etc., e as súas experiencias persoais en relación co novo texto, para chegar a unha mellor comprensión e interpretación deste.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames Lectura obras literarias	CCL
A e h	B3.15. Coñecemento e explicación do español actual. O español na rede. Situación do español no mundo. O español de América.	B3.9. Coñecer a situación do español no mundo, as súas orixes históricas e os seus trazos característicos, e valor as súas variantes.	LCL2B3.9.1. Coñece a situación actual da lingua española no mundo diferenciando os usos específicos da lingua no ámbito dixital.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CSC
			LCL2B3.9.2. Coñece as orixes históricas do español en América e as súas principais áreas xeográficas, recoñecendo nun texto oral ou escrito algúns dos trazos característicos e valorando as súas variantes.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CSC
I L	B3.16. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	LCL2B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa	CCL CAA
G H	B3.17. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver	B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a	LCL2B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da	Unha porcentaxe de erros non superior ao	Traballo aula oral ou escrito	CAA

Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
	unha competencia comunicativa integrada.	transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	50%	Traballo casa	
Bloque 4. Educación literaria						
D h i	B4.1. Estudo cronolóxico das obras máis representativas da literatura en español do século XX ata os nosos días.	B4.1. Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os autores e obras máis significativos.	LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCEC
D h i c	B4.2. Análise de fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días.	B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas.	LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCEC
			LCL2B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa	CCEC
D h i m	B4.3. Interpretación crítica de fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.	B4.3. Interpretar de xeito crítico fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativas da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CSC
G	B4.4. Planificación e elaboración de traballos educativos escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura do século XX ata os nosos días.	B4.4. Desenvolver por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade e coherencia, e achegando unha visión persoal.	LCL2B4.4.1. Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade, coherencia e corrección, e achegando unha visión persoal.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito Traballo casa Exames	CCL

Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución %	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
G	B4.4. Planificación e elaboración de traballos educativos escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores da literatura do século XX ata os nosos días.	B4.5. Elaborar un traballo de carácter educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura consultando fontes diversas, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	LCL2B4.5.1. Le textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días, extraendo a información relevante para ampliar coñecementos sobre o tema.	Unha porcentaxe de erros non superior ao 50%	Traballo aula oral ou escrito	CAA

## 6.2. TEMPORALIZACIÓN. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE AVALIABLES.

Esta proposta de temporalización poderá sufrir modificacións en función do ritmo da actividade de ensinanza-aprendizaxe e dos coñecementos previos dos alumnos.

### 1ª AVALIACIÓN

**Coñecemento da lingua e comunicación escrita:** As unidades da lingua e os compoñentes das palabras. A oración simple e composta (coordinación). **Do 18 de setembro ao 28 de outubro.** As oracións impersonais. Os tipos de “se”. As variedades da lingua e o léxico español. O español no mundo. O español de América. As tipoloxías textuais (introducción). **Do 4 ao 15 de novembro e do 25 de novembro ao 2 de decembro.**

Resumen ou esquema. **Do 11 de novembro ao 20 de decembro.**

**Educación literaria:** O Modernismo. A xeración do 98. **Do 7 ao 28 de outubro.** Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez. O grupo poético do 27. **Do 4 ao 15 de novembro e do 25 de novembro ao 2 de decembro.**

**LECTURAS:** *Romancero Gitano* de Federico García Lorca (**lectura na aula dende o 2 de outubro ata o 6 de novembro**) e *La Fundación* de Buero Vallejo (**dende o 18 ao 22 de novembro**)

**Estándares de aprendizaxe:** LCL2B1.1.1, LCL2B1.1.2, LCL2B1.2.1, LCL2B1.4.1, LCL2B1.4.2, LCL2B1.4.3, LCL2B1.4.4, LCL2B1.4.5, LCL2B2.1.1, LCL2B2.1.2, LCL2B2.1.3, LCL2B2.1.4, LCL2B2.2.1, LCL2B2.2.2, LCL2B2.2.3, LCL2B2.3.1, LCL2B2.3.2, LCL2B2.3.3, LCL2B2.4.1, LCL2B2.4.2, LCL2B2.4.3, LCL2B3.2.1, LCL2B3.2.2, LCL2B3.5.1, LCL2B3.6.1, LCL2B3.6.2, LCL2B3.6.3, LCL2B3.6.4, LCL2B3.6.5, LCL2B3.6.6, LCL2B3.7.1, LCL2B3.8.1, LCL2B3.11.1, LCL2B4.1.1, LCL2B4.2.1, LCL2B4.2.2, LCL2B4.3.1, LCL2B4.4.1, LCL2B4.5.1

### 2ª AVALIACIÓN

**Coñecemento da lingua e comunicación escrita:** A oración composta (subordinación substantiva). As

perífrases verbais. As propiedades do texto (mecanismos de coherencia e cohesión). **Do 8 de xaneiro ao 10 de febreiro.** A oración composta (subordinadas adxectivas e adxectivas sustantivadas). A semántica das palabras. **Do 11 de febreiro ao 11 de marzo.** Resumen ou esquema e comentario crítico (durante toda a avaliación).

**Educación literaria:** O teatro anterior á Guerra Civil. A novela española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil. O teatro posterior á Guerra Civil. **Do 8 de xaneiro ao 10 de febreiro.** A poesía posterior a 1939. A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX. **Do 11 de febreiro ao 11 de marzo**

LECTURA: *Crónica de una muerte anunciada* de Gabriel García Márquez. **Do 27 ao 31 de xaneiro.**

**Estándares de aprendizaxe:** LCL2B1.3.1, LCL2B1.4.1, LCL2B1.4.2, LCL2B1.4.3, LCL2B1.4.4, LCL2B1.4.5, LCL2B2.1.1, LCL2B2.1.2, LCL2B2.1.4, LCL2B2.2.1, LCL2B2.2.2, LCL2B2.2.3, LCL2B2.3.1, LCL2B2.3.2, LCL2B2.3.3, LCL2B2.4.2, LCL2B3.1.1, LCL2B3.1.2, LCL2B3.2.2, LCL2B3.5.1, LCL2B3.6.1, LCL2B3.6.2, LCL2B3.6.3, LCL2B3.6.4, LCL2B3.6.5, LCL2B3.6.6, LCL2B3.8.1, LCL2B3.11.1, LCL2B4.1.1, LCL2B4.2.1, LCL2B4.2.2, LCL2B4.3.1, LCL2B4.4.1, LCL2B4.5.1

### 3ª AVALIACIÓN

**Coñecemento da lingua e comunicación escrita:** A oración composta (subordinación adverbial). O verbo ( tempo, modo, voz e valores dos tempos verbais). **Do 23 de marzo ao 24 de abril.** Resumen ou esquema e comentario crítico (durante toda a avaliación).

**Educación literaria:** A narrativa peninsular dende 1975 ata os nosos días. **Do 27 de abril ao 8 de maio aproximadamente.** Repaso de temas.

LECTURA: *El lector de Julio Verne* de Almudena Grandes. **Do 14 ao 21 de abril.**

**Estándares de aprendizaxe:** LCL2B1.4.1, LCL2B1.4.2, LCL2B1.4.3, LCL2B1.4.4, LCL2B1.4.5, LCL2B2.1.1, LCL2B2.1.2, LCL2B2.1.4, LCL2B2.2.1, LCL2B2.2.2, LCL2B2.2.3, LCL2B2.3.1, LCL2B2.3.2, LCL2B2.3.3, LCL2B2.4.2, LCL2B3.2.2, LCL2B3.3.1, LCL2B3.3.2, LCL2B3.4.1, LCL2B3.5.1, LCL2B3.5.2, LCL2B3.6.6, LCL2B3.8.1, LCL2B3.9.1, LCL2B3.9.2, LCL2B3.10.1, LCL2B3.11.1, LCL2B4.1.1, LCL2B4.2.1, LCL2B4.2.2, LCL2B4.3.1, LCL2B4.4.1, LCL2B4.5.1

En todas as avaliacións realizaránse actividades de comprensión, expresión e valoración de textos literarios.

### 6.3. ESTRATEXIAS PARA VALORALAS COMPETENCIAS CLAVE.

Para realizar o proceso de avaliación dos estándares , estes mediranse con diferentes medios metodolóxicos expostos a continuación:

- Competencia en comunicación lingüística: observación das actividades da clase e da casa, probas e traballos escritos, traballo en equipo, exposicións orais, exercicios de comprensión e creación de textos e observacións na clase.

- Competencia dixital: tarefas realizadas en soporte multimedia e actividades sobre busca de información en internet.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: realización de esquemas e mapas e actividades de comprensión de textos con elementos variados.
- Competencias sociais e cívicas: traballo en equipo, probas escritas e observación de actitudes e comportamento na aula.
- Aprender a aprender: participación activa na clase, realización de tarefas, probas de lectura e seguimento das actividades da clase e da casa.
- Conciencia e expresións culturais: lectura de obras literarias( unha por cada avaliación), lectura de textos literarios e exercicios de creación de textos literarios.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: tarefas e traballos

#### 6.4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Partiremos dunha introducción teórica apoiada no libro de texto , para centrarnos rapidamente nun traballo de tipo práctico.

Debido a que no bloque de lingua hai contidos que se corresponden cos da materia de Lingua Galega neste curso especialmente os departamentos poderán coordinarse e repartirse estes contidos para evitar a repetición e procurar unha maior profundización en determinados aspectos.

#### 6.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación son os que aparecen expostos no cadro do apartado 6.1 (de 2º de Bacharelato) da presente programación.

#### 6.6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación enténdese como un elemento máis do proceso educativo xa que permite orientar e dirixir de forma permanente a aprendizaxe. Neste sentido, a avaliación contribúe en si mesma a mellorar o rendemento dos alumnos. Para que isto sexa posible, é necesario que **a avaliación na parte de lingua sexa continua** e que estea atenta á evolución do desenvolvemento do alumno. Na parte de literatura consideramos que debido a que se van desenvolvendo contidos moi diferentes a avaliación non pode ser continua senón que se realizará como avaliacións independentes. **Na terceira avaliación o alumno examínase dos 10 temas de literatura.**

Teranse en conta os coñecementos previos; para elo realizaranse unhas probas iniciais sobre contidos mínimos do curso anterior, ben a través dun exame, ben mediante probas individuais. Todo isto levarase a cabo durante os primeiros días do curso para poder tomar las medidas oportunas.

Realizaranse tres avaliacións, unha por trimestre. En cada unha farase polo menos un exame que seguirá as pautas marcadas pola CIUG, co cal contará coas seguintes partes: Resumo e comentario crítico, parte de lingua (gramática, semántica, sintaxe...), parte de literatura e preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria.

Os alumnos lerán en cada avaliación polo menos un libro de lectura obrigatorio marcado pola CIUG.

En maio, os alumnos que non conseguisen superar a materia acadando unha nota media de 5, terán a posibilidade de logralo a través dun exame final ou recuperando unha avaliación.

### **6.7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

A cualificación do alumno ó final de cada trimestre será o resultado da cualificación dos contidos conceptuais e procedimentais. Prestaremos tamén atención ós contidos actitudinais: interese, coidado do material, colaboración e integración no grupo, de xeito que este poderá influír positiva ou negativamente (ata un máximo de un punto) na nota da avaliación se o profesor o considera oportuno.

Tanto nos exames como nas actividades diarias se terá en conta o respecto pola ortografía. Así, nos exames descontaranse 0,1 por cada falta de ortografía e 0,05 por cada til incorrecto, ata un máximo de dous puntos. Ademais, terase en conta á hora de corrixir os exames non só os contidos senón tamén a presentación e que a expresión nas repostas dos alumnos siga as normas de adecuación, cohesión e coherencia podendo penalizarse ata un máximo de 1 punto.

No que atinxe á lingua oral, consideramos necesario fomentar o emprego do castelán durante a hora de clase, de xeito que o profesor poderá valorar na nota final o uso desta lingua por parte do alumno.

No caso de que se comprobe que un alumno copiou nun exame, seralle retirado o mesmo e a cualificación será cero, de acordo coas medidas propostas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A materia considerarase superada por aqueles alumnos que acaden polo menos unha nota media de cinco. Polo que respecta ao redondeo da nota para cualificar cada avaliación, de xeito excepcional, o profesor poderá redondear para arriba ata o cuarto de punto (subir 0,25 puntos) naqueles casos en que o considere convinte. No mes de maio realizaranse as probas encamiñadas a que un alumno poida recuperar unha avaliación suspensa ou ben un exame final de toda a materia. A finais de xuño realizaranse as probas extraordinarias. Para a avaliación final extraordinaria só se terá en conta o exame realizado.

Posto que estamos nunha ensinanza presencial, as faltas de asistencia non xustificadas serán penalizadas con -0,1 puntos sobre a nota final antes do redondeo. A mediados de xuño realizarase unha

recuperación extraordinaria de toda a materia.

**A cualificación global da avaliación será o resultado de ponderar os seguintes apartados:**

- . **Exames ou probas escritas.** Suporán o 100% da nota final da avaliación. En cada avaliación, poderían volver entrar todos os contidos da anterior avaliación, de tal forma que no exame da terceira avaliación o alumno examínase de todos os contidos do curso.
- . **Penalizacións por faltas de ortografía e presentación** ( xa indicadas con anterioridade).
- . Para a avaliación extraordinaria de xuño só se terá en conta o exame realizado e serán materia de exame as lecturas obrigatorias marcadas durante o curso.
- . O traballo diario e a participación teranse en conta para o redondeo da nota de cada avaliación.

## 6.8. CONTIDOS MÍNIMOS

-Utilización dos procedementos e estratexias necesarias para a obtención, valoración e utilización da información en traballos de produción persoal, acudindo a fontes diversas.

-Interese pola boa presentación dos textos escritos, tanto en soporte papel como dixital, e aprecio pola necesidade social de se cinguir ás normas gramaticais, ortográficas e ás convencións tipográficas.

-Emprego de guías de lectura para a consolidación da autonomía lectora como fonte de pracer, de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como factor que contribúe á formación académica e á maduración persoal.

-Comprensión do discurso literario como fenómeno comunicativo e estético, viero de transmisión cultural e expresión da realidade histórica e social das distintas épocas.

-Lectura crítica e comentario de obras breves e de textos literarios significativos que potencien a competencia comunicativa do alumnado, mediante a realización de tarefas en que se empreguen as catro destrezas básicas de expresión oral/escrita e comprensión oral/escrita.

-Valoración positiva da convivencia e aprendizaxe de distintas linguas a prol dunha maior diversidade cultural.

-A variedade dos discursos e o tratamento da información.

-Integración do texto ou discurso como unidade de carácter lingüístico emitida con propósito comunicativo nunha situación concreta ou contexto e afondamento no coñecemento da diversidade de situacións nos actos de comunicación orais e escritos.

-Sistematización e análise das propiedades textuais (coherencia, marco de integración global, factores pragmáticos, cohesión, selección, xerarquía de ideas, ordenación e adecuación) a partir de modelos ou esquemas discursivos que favorezan a consolidación das actividades de lingua tanto orais coma escritas.

-Análise do tema, da estrutura organizativa e trazos lingüísticos de textos expositivos e argumentativos procedentes do ámbito académico e profesional.

-Composición e exposicións de textos dos distintos ámbitos, con especial atención ao académico, tanto humanísticos como científicos e técnicos, a partir de modelos e esquemas textuais dados e atendendo ás condicións da situación.

-Análise do tema, finalidade, estrutura organizativa e códigos expresivos (lingüísticos e iconográficos) dos textos periodísticos e publicitarios.

-Desenvolvemento da capacidade crítica e reflexiva ante textos orais e escritos propios dos medios de comunicación, con especial atención aos de carácter informativo e interpretativo.

-O século XX: transformacións sociais e ideolóxicas. Xéneros, escritoras e escritores e obras desde principios de século ata a Primeira Guerra Mundial: Juan Ramón Jiménez, Xeración do 98, Vangardismo, Novecentismo. O período de entreguerras; da Primeira Guerra Mundial á Guerra Civil española: Grupo do 27, literatura comprometida. De 1940 ata os anos 70: literatura de posguerra (arraigada e desarraigada); realismo social (xéneros e obras representativas de escritoras e escritores da xeración dos 50 e 60); correntes de experimentación, nos distintos xéneros, década dos 70 e novo vangardismo (Os Novísimos). Da década dos 80 ata a actualidade: autoras e autores e obras significativas, diversificación de tendencias, literatura xuvenil e narrativa de autora nos últimos vinte e cinco anos. A literatura hispanoamericana do século xx e actual.

-Valoración e recoñecemento das distintas voces que compoñen o léxico da lingua castelá segundo a súa orixe, evolución e influencia doutras linguas: patrimoniais, cultismos, semicultismos, préstamos.

-Os elementos constitutivos das palabras e as súas variantes; as súas posibilidades como elementos de creación de palabras e enriquecemento do léxico a través da composición, derivación, parasíntese e acronimia.

-Coñecemento e análise dos compoñentes, relacións e organización léxico-semántica das palabras (sema, sinonimia, antonimia, hiperonimia, campo léxico, etc.) valoración do seu emprego como mecanismos de cohesión e coherencia textual, e a súa adecuación en textos académicos, divulgativos e dos medios de comunicación.



-Afondamento no emprego de mecanismos de cohesión de carácter lingüístico desde a perspectiva supraoracional do texto, anáfora, catáfora, proformas, conxuncións distributivas, adverbios e locucións.

-Sistematización dos conceptos de oración ou cláusula (unidade gramatical) e enunciado (unidade comunicativa) e o seu contexto de análise: sintáctico e pragmático.

-Coñecemento e aplicación da relación entre a modalidade da oración e os actos de fala e interpretación do significado contextual das modalidades da oración.

-Identificación e análise das distintas relacións sintácticas de xustaposición, coordinación, subordinación e interordinación.

-Recoñecemento e clasificación dos nexos e elementos de enlace axeitados e necesarios para a análise e identificación das relacións existentes en estruturas sintácticas compostas ou complexas.

-Clasificación e sistematización das diferentes clases de oración ou cláusula composta ou complexa, atendendo á súa estrutura sintáctica e aos tipos de nexos ou enlaces empregados na súa configuración.

-Coñecemento da realidade lingüística de España, dos factores sociolingüísticos que interveñen entre linguas en contacto e os fenómenos que derivan, linguas francas, bilingüismo, diglosia, xunto ao desenvolvemento dunha actitude positiva ante a diversidade e convivencia de linguas e culturas.

-Recoñecemento das características básicas das distintas variedades xeográficas da lingua castelá no estado español e da norma estándar. A situación do español no mundo.

-Identificación dos trazos máis característicos do español de América e da súa diversidade e valoración positiva desa variedade e da necesidade dunha norma panhispánica. Labor integrador das Academias da Lingua Española.

-Análise e identificación do uso de vulgarismos morfosintácticos, anacolutos e incoherencias sintácticas.

## **6.9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Neste curso están presentes temas transversais nas obras de lectura propostas pola CIUG. En *La Fundación* (crítica a diferentes formas de violencia como o cárcere, a tortura, a pena de morte..; e tamén crítica a calquera estado totalitario no que se reprima a liberdade individual e se torture). En *Crónica de una muerte anunciada* (crítica cos valores dunha sociedade machista na que se educa de forma desigual a homes e mulleres).

Tamén na produción de tipos de discursos tratarase de que os alumnos non utilicen expresións de tipo sexista, racista ou de calquera outro tipo de discriminación.

## **7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

O xefe de departamento encargárase do seguimento e avaliación daqueles alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior.

### **7.1. ALUMNOS CON MATERIAS PENDENTES**

Sinálase para a superación das materias una serie de procedementos, que non son mutuamente excluíntes, ademais daqueles que de xeito particular poidan establecer os diferentes departamentos didácticos de cada centro.

Así, contémplanse as actividades de avaliación que se desenvolvan en clases específicas de recuperación das materias pendentes. Existen os seguintes puntos respecto a recuperación de materias pendentes

— A coordinación e seguimento da avaliación das aprendizaxes do alumnado que teña materias pendentes de cursos anteriores será responsabilidade do xefes dos departamentos didácticos.

— Cada ano escolar realizarase unha sesión de avaliación das aprendizaxes do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores: unha final ordinaria, no mes de maio, antes das correspondentes sesión de avaliación final do curso no que estea matriculado o alumnado. Estas sesións, ás cales asistirán os xefes de departamento antes citados, serán presididas polo xefe de estudos do centro.

— Co obxecto de facilitar ao alumnado a superación das materias pendentes, os departamentos didácticos que as impartan proporánlle plans de traballo, que se incorporarán ás correspondentes programacións didácticas, nos cales se farán constar os contidos esixibles e as actividades de avaliación.

— O xefe do departamento deberá facer un seguimento do alumnado con materias pendentes, a través do profesorado responsable das actividades docentes citadas nos puntos anteriores, para avaliar de forma continua os seus progresos. No presente curso académico establececese que o xefe do departamento atenderá ós alumnos que desexen facer algunha consulta ou resolver dúbidas sobre as materias pendentes.

O alumnado terá dereito a realizar no mes de maio e unha proba final da materia que teña pendente. Non obstante, en ningún caso o procedemento para a avaliación das aprendizaxes do alumnado nas materias que teña pendentes poderá limitarse ao establecemento destas probas finais. No caso do Departamento de Lingua Castelá, faranse previamente dúas probas parciais (das que se informará con antelación ós interesados), de xeito que poidan superar a materia pendente coa nota media dos dous parciais no curso.

— Ao comezo de cada ano académico, a secretaría do centro proporcionará a cada departamento didáctico a relación do alumnado coas materias pendentes que lle correspondan.

## 7.2. PLANS DE TRABALLO PARA ALUMNOS CON MATERIAS PENDENTES

Os alumnos terán a posibilidade de aprobar a materia pendente por parciais (en xaneiro e en abril) ou acudindo a un exame final (en maio). Será necesario aprobar o primeiro parcial para poder presentarse ao segundo, en caso contrario, deberá ir con toda a materia ao exame final de maio.

Tamén se lle poderá pedir ao alumno a entrega dalgún traballo obrigatorio (caderno de ortografía, monográficos sobre obras de lectura, etc.) para poder presentarse a este exame parcial.

Ao igual que en todos os cursos, é obrigatorio ler dúas obras de lectura prescritas para poder aprobar a materia.

A xefa de departamento propoñerá actividades para que os alumnos vaian traballando os contidos correspondentes ao curso pasado e fixará un horario de atención ao alumnado para resolver as súas dúbidas. Toda esta información seralles facilitada aos alumnos ao principio de curso.

De maneira excepcional, dado que os obxectivos de 2º da ESO constitúen unha profundización dos contidos do curso anterior, aqueles alumnos que superen a materia en 2º de ESO poderán recuperar a materia pendente na nota de maio (o cal non os exime de presentarse a ambos parciais), sempre e cando teñan entregado o caderno de exercicios correspondente ao 1º curso. Isto non será posible nos demais cursos, pois os contidos de literatura difiren moito en niveis consecutivos; polo tanto, o superar a materia un curso **non** supón a superación automática da materia pendente, senón que os alumnos terán a obriga de superar os contidos correspondentes a cada nivel educativo.

## 7.3. CONTIDOS DE CADA PARCIAL

### 2º ESO

Haberá dous exames parciais en xaneiro e abril. En maio, efectuarase un exame final para quen non superase a materia por parciais.

Os alumnos terán que elaborar boletíns de exercicios ao longo do curso. Esta actividade terase en conta na avaliación (puntuando ata un 25 % da nota).

Asimesmo, poderán presentar un **traballo sobre os libros de lectura** no mes de xaneiro e, en caso de aprobalo, non terán que examinarse destes contidos nos exames parciais (En caso de que haxa traballos plaxiados, anularanse os mesmos)

#### **Contidos de 2º ESO para o primeiro parcial (xaneiro)**

LIBRO DE LECTURA: *Fenris, el elfo* LAURA GALLEGO.

Comunicación escrita: A comunicación (I,II). O cine e o cómic. Os textos descriptivos

Coñecemento da lingua: Da palabra á oración. Os grupos de palabras. O grupo nominal, adxectivo e adverbial.

Educación literaria: A linguaxe poética. O xénero lírico (I,II,III).

Comunicación escrita: Os textos dialogados. Os textos expositivos. Os textos periodísticos (I,II).

Coñecemento da lingua: O grupo verbal (I,II,III,IV).

Educación literaria: O xénero lírico (I,II,III,IV)

**Contidos de 2º ESO para o segundo parcial (abril).**

LIBRO DE LECTURA: La mansión de los abismos. J. M. GISBERT Ed. Oxford

Educación literaria: O xénero narrativo (I,II,III,IV).

Comunicación oral: A argumentación.

Comunicación escrita: Os textos periodísticos (III). Os textos publicitarios.

Coñecemento da lingua: A oración (I,II,III). As variedades xeográficas do español.

Educación literaria: O xénero dramático (I,II,III, IV)

**8. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA (ESTÁN CONCRETADOS EN CADA CURSO)**

**9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Ademáis dos libros de texto e dos libros de lectura contaremos cos seguintes materiais e recursos;

- As Propostas didácticas
- Os recursos fotocopiabiles da Proposta didáctica, que recollen lecturas complementarias; actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias; fichas de autoavaliación e a Adaptación curricular.
- O libro dixital.
- A web do profesorado.
- A web do alumnado e da familia.
- Os cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Fichas de traballo e cadernos de traballo.
- En 2º de Bacharelato, resumos de temas de literatura e de temas de lecturas obrigatorias adaptados ós criterios das probas de ABAU.

**9.1 LIBROS DE TEXTO**

<b>2º curso de ESO</b>	<i>Lengua Castellana e Literatura, 2º ESO. Ed. Vicens Vives</i>
<b>2º curso de ESO pendentos</b>	<i>Lengua Castellana e Literatura, 2º ESO. Ed. Vicens Vives</i>
<b>4º curso de ESO</b>	<i>Lengua castellana y Literatura, 4º ESO. Ed. SM</i>
<b>2º curso de Bacharelato</b>	Sen libro de texto

## 8.2. LIBROS DE LECTURA

A seguinte lista de lecturas sinala algunhas das edicións máis económicas atopadas, pero lémbrese que non é obrigatorio compra-las obras, xa que a biblioteca do centro dispón de varios exemplares.

Como xa se indicou anteriormente, a lectura das obras é obrigatoria e forma parte das actividades a desenrolar no curso.

En segundo de bacharelato as obras de lectura son as propostas pola CIUG, tal e como figura no cadro exposto na páxina seguinte. Non obstante, esta selección de lecturas pode variar se as instrucións para a reválida de bacharelato prescribisen ou recomendasen outras.

Polo que respecta ás obras de lectura de carácter voluntario, servirán para que os alumnos poidan subir a nota acadada na avaliación, pero en ningún caso substituirán a aqueles textos obrigatorios.

A selección de lecturas pode sufrir cambios ao longo do curso para adaptalas ás características propias de cada grupo de alumnos.

### 2º ESO

	OBRIGATORIOS
1º EVAL	-Las lágrimas de Shiva, César Mallorquí
2ª EVAL	-La rosa de los vientos
3ª EVAL	<i>La ratonera</i> . Agatha Christie

### 4º ESO

	OBRIGATORIOS
1º EVAL	-Del color de la leche, Nell Leyshon
2ª EVAL	<i>La casa de Bernarda Alba</i> . F. GARCÍA LORCA
3ª EVAL	<i>La versión de Eric</i> . N. López

### Para primeiro e cuarto da ESO as lecturas voluntarias son as seguintes:

*Mentira*, C. Santos; *Verdad*, C. Santos; *Caperucita en Manhattan*, C. Martín Gaité; *Mi hermana vive sobre la repisa de la chimenea*, A. Pitcher; *La escuela de canto*, N. Leyshon; *Mi hermano persigue dinosaurios*, G. Mazzariol; *La retornada*, D. Di Pietrantonio; *Sobreviviendo*, A. Portabales; *Deje su mensaje después de la señal*, A.; *La tribuna*, E. Pardo Bazán; *Las bicicletas son para el verano*, F. Fernán Gómez.

**2º BACHARELATO**

	<b>OBRIGATORIOS</b>
<b>1º EVA</b>	<i>Romancero Gitano</i> . Federico García Lorca. <i>La fundación</i> . Buero Vallejo
<b>2ª EVA L</b>	<i>Crónica de una muerte anunciada</i> . Gabriel García Márquez.
<b>3ª EVA</b>	<i>El lector de Julio Verne</i> . Almudena Grandes.

**10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

Se é posible retomaremos a asistencia a unha representación teatral, destinada ao alumnado de 2º ciclo de ESO e a todo o Bacharelato. Procuraremos que se leve a cabo unha charla-coloquio con algún escritor, sempre e cando as editoriais nos posibiliten esta actividade.

O resto de actividades extraescolares, como concursos literarios ou excursións, serán recollidas no libro de actas xa que serán os membros do departamento os que deberán propoñelas en función das características dos alumnos e da oferta cultural de diferentes institucións.

**11. ACTIVIDADES NO PROXECTO LECTOR**

**NOTA:** poderá haber outras actividades (complementarias) que serán engadidas a estas unha vez estean decididas polo departamento atendendo ás características do alumnado e ás posibilidades organizativas.

Sempre que sexa posible, estas actividades estenderanse ao bacharelato. Tamén aquí teñen obras de lectura obrigatorias e voluntarias, traballan con diferentes tipos de textos e poderán asistir a unha obra de teatro relacionada cos contidos de literatura que traballen este curso.

É posible que para o próximo curso se organice algún club de lectura, pero iso dependerá da predisposición dos alumnos e dos profesores que impartan clase no centro.

Ao igual que en anos anteriores, o Departamento encargárase da conmemoración de datas sinaladas, como o Día Internacional do Libro, con diversas actividades: exposicións, lectura de textos, elaboración de traballos...

A asistencia á representación dunha obra de teatro extenderase ao segundo ciclo de ESO e a todo o bacharelato, sempre e cando a oferta cultural así o permita.

CURSO	ACTIVIDADE	OBXECTIVOS	COMPETENCIAS BÁSICAS	TEMPORALIZACIÓN
1º ESO	<i>unha lectura obrigatoria por trimestre</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- fomentar o gusto pola lectura</li> <li>- lectura comprensiva de textos literarios</li> </ul>	<p><b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión lectora.</li> <li>- Recoñecemento de diferentes tipoloxías textuais que poidan aparecer nas distintas obras.</li> </ul> <p><b>TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Busca de información a través de Internet sobre os distintos autores, a obra...</li> </ul> <p><b>CULTURAL E ARTÍSTICA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura de obras literarias para a súa comprensión.</li> <li>- Localizar diferentes elementos literarios (por exemplo os distintos tipos de narradores nunha novela ou os distintos tipos de versificación nos poemas).</li> <li>- Especificar a aparición das distintas figuras literarias (metáforas, comparacións, hipérbolos).</li> </ul> <p><b>APRENDER A APRENDER</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de resumos das obras propostas.</li> </ul>	1 obra cada trimestre
1º ESO	<i>lectura de obras voluntarias</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- fomentar o gusto pola lectura</li> <li>- lectura comprensiva de textos literarios</li> </ul>	<p><b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión lectora.</li> <li>- Recoñecemento de diferentes tipoloxías textuais que poidan aparecer nas distintas obras.</li> </ul> <p><b>TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Busca de información a través de Internet sobre os distintos autores, obras...</li> </ul> <p><b>CULTURAL E ARTÍSTICA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura de obras literarias para a súa comprensión.</li> <li>- Localizar diferentes elementos literarios (por exemplo os distintos tipos de narradores nunha novela ou os distintos tipos de versificación nos poemas).</li> <li>- Indicar as distintas figuras literarias (metáforas, comparacións, hipérbolos).</li> </ul> <p><b>APRENDER A APRENDER</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de resumos.</li> </ul>	1 obra cada trimestre

